

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 27 de febreiro de 2024 pola que se modifica a Resolución do 29 de setembro de 2021, pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos programas incentivos 1, 2 e 3 vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector servizos e noutros sectores produtivos, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia europeo (código de procedemento IN421W).

O 6 de outubro de 2021, a Axencia Instituto Enerxético de Galicia publicou a Resolución do 29 de setembro de 2021 (DOG núm. 193, do 6 de outubro), pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos programas de incentivos 1, 2 e 3 vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector servizos e noutros sectores produtivos, as administracións públicas e o terceiro sector aprobado polo Real decreto 477/2021, do 29 de xuño, polo que se aproba a concesión directa ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla de axudas para a execución de diversos programas de incentivos vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento, con fontes de enerxía renovable, así como á implantación de sistemas térmicos renovables no sector residencial, no marco do Plan de recuperación, transformación y resiliencia.

A citada Resolución do 29 de setembro de 2021 foi modificada pola Resolución do 9 de febreiro de 2022 (DOG núm. 33, do 17 de febreiro), pola Resolución do 21 de xullo de 2022 (DOG núm. 145, do 1 de agosto) e pola Resolución do 12 de xuño de 2023 (DOG núm. 117, do 21 de xuño).

O 28 de decembro de 2023 publícase no BOE o Real decreto 1178/2023, do 27 de decembro, polo que se modifica a normativa reguladora e se adaptan ao marco europeo de axudas de Estado determinados programas de axudas de rehabilitación enerxética e enerxías renovables do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, entre eles, o Real decreto 477/2021, do 29 de xuño.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 28 do Estatuto de autonomía, das facultades conferidas pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e de acordo co sinalado no Decreto 142/2016, do 22 de setembro, polo que se modifican as normas reguladoras do Instituto Enerxético de Galicia e se aproban os estatutos da Axencia Instituto Enerxético de Galicia,



RESOLVO:

Primeiro. Modificar a Resolución do 29 de setembro de 2021 pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos programas incentivos 1, 2 e 3 vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector servizos e noutros sectores produtivos, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia europeo (código de procedemento IN421W), nos seguintes termos:

Un. A letra j) do punto 1 do artigo 6 queda redactado como segue:

«j) Achegarase unha memoria técnica descritiva da actuación que se vaia acometer segundo o modelo dispoñible na páxina web do Inega (www.inega.gal) para cada tipoloxía de proxecto. Esta memoria técnica incluírá a información relacionada no anexo All.A2. das bases reguladoras, incluíndo para instalacións de máis de 100 kW a información requirida no anexo All.A1.e):

– Opcionalmente, un Plan estratéxico no que indique a orixe e lugar de fabricación (nacional, europeo ou internacional) dos compoñentes da instalación e o seu impacto ambiental, incluíndo o almacenamento, os criterios de calidade ou durabilidade utilizados para seleccionar os distintos compoñentes, a interoperabilidade da instalación ou o seu potencial para ofrecer servizos ao sistema, así como o efecto tractor sobre pemes e autónomos que se espera que teña o proxecto. Poderá incluír, ademais, estimacións do seu impacto sobre o emprego local e sobre a cadea de valor industrial local, rexional e nacional.

– A xustificación do cumprimento polo proxecto do principio de non causar dano significativo (principio *Do no significant harm*-DNSH) a ningún dos obxectivos ambientais establecidos no Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.

O solicitante poderá presentar unha declaración responsable deste cumprimento.

– A acreditación do cumprimento de valorización do 70 % dos residuos de construción e demolición xerados pola obra civil, se procede.

Para a comprobación dos datos da instalación renovable existente das actuacións do programa de incentivos 3, presentárase nesta memoria o xustificante de solicitude de rexis-



tro da instalación no Rexistro de instalacións eléctricas de baixa tensión (código de procedemento IN614C) ou no Rexistro de instalacións eléctricas de alta tensión, dependendo do regulamento que lle sexa de aplicación».

Dous. O artigo 16. Prazos de execución e xustificación, queda redactado como segue:

«O prazo máximo de execución e xustificación das actuacións será de 18 meses contados desde a data de notificación da resolución de concesión. Este prazo poderase ampliar de conformidade co previsto no artigo 70 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A solicitude de ampliación para a execución e xustificación do proxecto deberase presentar cunha antelación mínima de 30 días naturais ao do vencemento do prazo».

Tres. A letra o) do punto 3 do artigo 18 queda redactado como segue:

«o) Declaración que confirme que non houbo modificación con respecto ao declarado na fase de solicitude sobre o principio de non causar dano significativo e, se é o caso, sobre a valorización de residuos».

Catro. O anexo I e V quedan redactados como se recollen nos anexos desta resolución.

Segundo. As modificacións introducidas por esta resolución serán de aplicación a todas as solicitudes presentadas ata o 31 de decembro de 2023.

Terceiro. Esta resolución entrará en vigor o día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2024

Pablo Fernández Vila
Director da Axencia Instituto Enerxético de Galicia





ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
PROXECTOS DE AUTOCONSUMO E ALMACENAMENTO NO SECTOR SERVIZOS E NOUTROS SECTORES PRODUTIVOS	IN421W	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
PARROQUIA				LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	

DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN	
<p>Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal</p> <p>Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.</p> <p>Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:</p>	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
	IBAN

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO
NATUREZA XURÍDICA DO SOLICITANTE
<input type="checkbox"/> Persoas xurídicas e agrupacións de empresas ou de persoas físicas, con ou sen personalidade xurídica, que realicen unha actividade económica pola que ofrezan bens ou servizos no mercado, incluíndo: <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Xestores de polígonos industriais de natureza pública ou privada. <input type="checkbox"/> Empresa explotadora, arrendataria ou concesionaria de actuacións no ámbito da enerxía. <input type="checkbox"/> Empresa servizos enerxéticos ou provedor (RD 56/2016, do 12 de febreiro). <input type="checkbox"/> Comunidades de enerxías renovables e comunidades cidadás de enerxía (artigo 4 do Real decreto lei 23/2020 do 23 de xuño). <input type="checkbox"/> Persoas xurídicas e outras entidades destinatarias últimas do programa incentivos 1 que desempeñen a súa actividade dentro dun CNAE, correspondente os grupos G, H, I, J, K, L, M, N, O, P, Q, R ou S. <input type="checkbox"/> Persoas xurídicas e outras entidades destinatarias últimas do programa incentivos 2 que desempeñen a súa actividade dentro dun CNAE, correspondente ao grupo A01, excepto o 17, ou dentro dun CNAE dos grupos B, C, D, E ou F. Ou entidades do sector público institucional de calquera Administración pública a que se refire o artigo 2.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como as entidades ou organizacións privadas sen ánimo de lucro, sempre que, en ambos os casos, realicen algunha actividade económica pola que ofrezan bens e/ou servizos no mercado. <input type="checkbox"/> Persoas xurídicas e outras entidades destinatarias últimas do programa incentivos 3 que desempeñen a súa actividade dentro dun CNAE correspondente a un dos grupos establecidos nos dous puntos anteriores. <input type="checkbox"/> Agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos, actividades ou comportamentos ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

CVE-DOG: ktmb0bt3-4fu8-lun5-jpe1-uj9vz1fnzqy0




**INSTITUTO
ENERXÉTICO
DE GALICIA**
**ANEXO I
(continuación)**

NO CASO DE EMPRESAS CATEGORÍA DA EMPRESA		
PEQUENA EMPRESA <input type="checkbox"/> MEDIANA EMPRESA <input type="checkbox"/> GRAN EMPRESA <input type="checkbox"/>		
SECTOR EMPRESARIAL (INDUSTRIAL OU SERVICIOS):		CNAE
Nº EMPREGADOS:	BALANCE XERAL ANUAL	VOLUME DE NEGOCIOS
O solicitante ten a consideración de "empresa autónoma", por non poder cualificarse como empresa asociada, nin como empresa vinculada, segundo se define no anexo I do Regulamento 651/2014, da Comisión do 17 de xuño de 2014 (DO L 187, do 26.6.2014). SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>		
NOTA: no caso de que a empresa non teña a consideración de autónoma, deberá achegar as contas e a documentación necesaria para proceder ao cálculo dos efectivos das empresas asociadas e/ou vinculadas, ou ben e se existen as contas consolidadas onde consten os datos das citadas empresas.		

LOCALIZACIÓN DA INSTALACIÓN PROXECTADA				
ENDEREZO DO PROXECTO (rúa; número):				
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	PARROQUIA
COORDENADAS UTM X (ETRS 89):	COORDENADAS UTM E (ETRS 89):	REFERENCIA CATASTRAL ONDE SE SITÚA A INSTALACIÓN:		

DATOS DO PROXECTO				
PROGRAMA DE INCENTIVOS	<input type="checkbox"/> PROGRAMA 1	<input type="checkbox"/> PROGRAMA 2	<input type="checkbox"/> PROGRAMA 3	
TÍTULO DO PROXECTO				
TECNOLOXÍA RENOVABLE EMPREGADA	<input type="checkbox"/> ENERXÍA FOTOVOLTAICA	<input type="checkbox"/> ENERXÍA EÓLICA		
TIPO DE INSTALACIÓN	<input type="checkbox"/> ILLADA DA REDE	<input type="checkbox"/> CONECTADA Á REDE		
TIPO DE INSTALACIÓN	<input type="checkbox"/> SEN EXCEDENTES Á REDE	<input type="checkbox"/> CON EXCEDENTES Á REDE		
SISTEMA DE INXECCIÓN CERO	<input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON	MARCA <input type="text"/>	MODELO <input type="text"/>	
ALMACENAMENTO	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON		
	CAPACIDADE (kWh)	<input type="text"/>		

ACTUACIÓNS ADICIONAIS				
RETÍRASE CUBERTA DE AMIANTO?	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON		
	<input type="checkbox"/> RETIRADA TOTAL	<input type="checkbox"/> RETIRADA PARCIAL		
	<input type="text"/> POTENCIA INSTALADA (kW)	<input type="text"/> SUPERFICIE RETIRADA AMIANTO (m ²)		
INSTALACIÓN SOBRE NOVA MARQUESIÑA?	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON		
	<input type="checkbox"/> INSTALACIÓN TOTAL	<input type="checkbox"/> INSTALACIÓN PARCIAL		
	<input type="text"/> POTENCIA INSTALADA (kW)	<input type="text"/> SUPERFICIE MARQUESIÑA (m ²)		
DESMANTÉLANSE INSTALACIÓNS EXISTENTES?	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON		
AUTOCONSUMO COLECTIVO?	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON		





**INSTITUTO
ENERXÉTICO
DE GALICIA**

ANEXO I
(continuación)

BREVE DESCRIPCIÓN DO PROXECTO E OBSERVACIÓNS

Xuntarse memoria técnica segundo as bases da convocatoria

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS EQUIPAMENTOS PRINCIPAIS

PANEIS SOLARES FOTOVOLTAICOS

NÚMERO DE PANEIS	MARCA	MODELO	TECNOLOXÍA	SUPERFICIE PANEIS (m ²)	POTENCIA PICO PANEL (W)	POTENCIA PICO TOTAL (kW)
Potencia pico total (kW)						

INVERSORES

NÚMERO DE INVERSORES	MARCA	MODELO	POTENCIA NOMINAL UNITARIA (kW)	POTENCIA NOMINAL TOTAL (kW)
Potencia inversores total (kW)				

AEROXERADORES

NÚMERO AEROXERADORES	MARCA	MODELO	POTENCIA PICO AEROXERADOR (W)	POTENCIA PICO TOTAL (kW)
Potencia pico total (kW)				

ALMACENAMIENTO

<input type="checkbox"/> BATERÍAS <input type="checkbox"/> OUTRO TIPO ALMACENAMIENTO										
NÚMERO DE UNIDADES	TIPO	MARCA	MODELO	Densidade enerxética por batería (Wh/kg)	Peso batería (kg)	Tensión unitaria (voltios)	Capacidade nominal por batería C10 (Ah)	Tensión nominal do grupo de baterías (V)	Enerxía almacenada grupo de baterías (kWh)	Potencia instalada de almacenamento (kW)
Enerxía total almacenada en baterías (kWh)										

DATOS XERACIÓN/CONSUMO ANUAL

a) Electricidade xerada ANUAL (kWh)	<input type="text"/>	Horas equivalentes	<input type="text"/>
b) Consumo eléctrico ANUAL (kWh)	<input type="text"/>		
	Potencia contratada P1	<input type="text"/>	TCo2 evitadas
	Potencia contratada P2	<input type="text"/>	
c) Enerxía autoconsumida anual (kWh)	<input type="text"/>		
% autoconsumo (c/b)	<input type="text"/>		
% excedentes (a-c)/a	<input type="text"/>		
CUPS (identificación punto de subministración)	<input type="text"/>		
Ratio (capacidade enerxía almacenada/potencia xerada)	<input type="text"/>		

CVE-DOG: ktmb0bt3-4fu8-lun5-jpe1-uj9vz1fnzqy0



**XUNTA
DE GALICIA**


**INSTITUTO
ENERXÉTICO
DE GALICIA**

 ANEXO I
(continuación)

INTEGRACIÓN ARQUITECTÓNICA DOS PANEIS

<input type="checkbox"/>	Marquesiña
<input type="checkbox"/>	Instalación sobre cuberta
<input type="checkbox"/>	Instalación sobre chan
<input type="checkbox"/>	Outros _____

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS DOS EQUIPAMENTOS PRINCIPAIS (continuación)

DESAGREGACIÓN DO ORZAMENTO SEN IVE	€
TOTAL SEN IVE	

% IVE	
ORZAMENTO TOTAL CON IVE	

RATIO DE INVERSIÓN (€/KW pico)	
--------------------------------	--

EMPRESA INSTALADORA ELEXIDA :	TELÉFONO:	CRITERIO DE ELECCIÓN:
-------------------------------	-----------	-----------------------

ESTADO DA SOLICITUDE E CONTÍA MÁXIMA DA AXUDA

ESTADO DA SOLICITUDE	
CONTÍA MÁXIMA DA AXUDA QUE PODE ASINARSE A ESTE PROXECTO (€)	

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:
- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.
- Si se solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

- Se solicitou e/ou concedeu outras axudas para os investimentos correspondentes a instalación de autoconsumo existente, no programa de incentivos 3, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.




**INSTITUTO
ENERXÉTICO
DE GALICIA**
**ANEXO I
(continuación)**
A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA (continuación)

6. Que o proxecto para o que solicita a axuda está sito na Comunidade Autónoma de Galicia.
7. Que os investimentos para os que solicita axuda non están iniciados.
8. Que a entidade solicitante cumprirá a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións e contratación pública, cando proceda e comprométese á obtención de todos os permisos e autorizacións que sexan necesarios para a súa execución.
9. Que ten a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir os obxectivos do proxecto para o que se solicita a axuda.
10. Que a entidade solicitante asumirá a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude.
11. Que a entidade solicitante non pode ser considerado unha empresa en crise o 31 de decembro de 2019 conforme o disposto no artigo 2.18 do Regulamento (UE) 651/2014, do 17 de xuño, da Comisión.
12. Que non se trata dunha empresa suxeita a unha orde de recuperación pendente tras unha decisión previa da Comisión Europea que tivese declarada unha axuda ilegal e incompatible co mercado común.
13. Que cando se trate dunha empresa, o solicitante cumpre cos criterios de definición de microempresa, pequena, mediana ou gran empresa, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no Regulamento (UE) n° 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño), polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, e encádrase na seguinte categoría:
- | | |
|---|--------------------------|
| Categoría de PEQUENA EMPRESA (ocupa menos de 50 persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os 10 millóns de euros). | <input type="checkbox"/> |
| Categoría de MEDIANA EMPRESA (ocupa máis de 50 persoas e non pode superar o límite máximo de 250 persoas, ou cuxo volume de negocios anual non superior a 50 millóns de euros ou balance xeral anual non superior a 43 millóns de euros). | <input type="checkbox"/> |
| Categoría de GRANDE EMPRESA (ocupa máis de 250 persoas, volume de negocios anual superior a 50 millóns de euros ou balance xeral anual superior a 43 millóns de euros). | <input type="checkbox"/> |
14. Manter un sistema de contabilidade separada ou un código contable axeitado que facilite unha posta de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos investimentos realizados ao abeiro desta axuda e conservar a documentación xustificativa relativa aos gastos financiados durante un prazo de 5 anos a partir do pagamento do saldo ou, a falta do dito pagamento, da operación. Este período será de 3 anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros.
15. Acreditar que o sistema de almacenamento non está conectado á rede e forma parte da instalación de autoconsumo.
16. Contar cunha garantía mínima de 5 anos para as instalacións de almacenamento.
17. Que para aqueles casos en que a contía da axuda non exceda os 10.000 euros, que se encontra ao día no cumprimento das obrigas tributarias e da Seguridade Social e non ten débedas coa consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia.
18. O cumprimento do principio de non causar dano significativo a ningún dos obxectivos ambientais establecidos no Regulamento (UE) 2020/852.




**INSTITUTO
ENERXÉTICO
DE GALICIA**
**ANEXO I
(continuación)**

COMPROBACIÓN DE DATOS Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓNOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa representante	<input type="radio"/>
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	<input type="radio"/>
Certificación de estar ao día do pagamento coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia	<input type="radio"/>
Consulta dos administradores da sociedade	<input type="radio"/>
CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> Sí <input type="radio"/> Non
NIF da entidade representante	<input type="radio"/> Sí <input type="radio"/> Non
Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> Sí <input type="radio"/> Non
Certificado de alta no imposto de actividades económicas	<input type="radio"/> Sí <input type="radio"/> Non

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Instituto Enerxético de Galicia (Inega)
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Legitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1., letras c) e e) do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE
Resolución do 27 de febreiro de 2024 pola que se modifica a Resolución do 29 de setembro de 2021, pola que se aproba a convocatoria do procedemento de concesión de axudas correspondentes aos programas Incentivos 1, 2 e 3 vencellados ao autoconsumo e ao almacenamento no sector servizos e noutros sectores produtivos, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia europeo (código de procedemento IN421W).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE
Lugar e data


 Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU

 Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia

Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



**INSTITUTO
ENERXÉTICO
DE GALICIA**

ANEXO V

**SOLICITUDE DE PAGAMENTO
IN421W - PROXECTOS DE AUTOCONSUMO E ALMACENAMENTO NO SECTOR SERVIZOS E NOUTROS SECTORES
PRODUCTIVOS**

NOME DO PROXECTO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
-------------------------	-----------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

- Que a entidade solicitante cumprirá a normativa comunitaria, estatal e autonómica de aplicación, en particular, a normativa en materia de subvencións e contratación pública, cando proceda e comprométese á obtención de todos os permisos e autorizacións que sexan necesarios para a súa execución.
- Que se cumpriron as obrigas de publicidade establecidas nas bases da convocatoria.
- Ter executado as partidas e importes de proxectos indicadas na presente solicitude de pagamento.

Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non se solicitou nin se concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os que se solicita esta subvención.
- Si se solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

- Se solicitou e/ou concedeu outras axudas para os investimentos correspondentes á instalación de autoconsumo existente, no programa de incentivos 3, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

CONTÍAS DO INVESTIMENTO:	
CONCEPTO	PREZO
Base imponible	
IVA (21%) / IVE (10%)	
TOTAL (base imponible + IVE)	

CVE-DOG: ktrmb0bt3-4fu8-lun5-jpe1-uj9vz1fnzqy0


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


**INSTITUTO
ENERXÉTICO
DE GALICIA**
**ANEXO V
(continuación)**
DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- Facturas, clasificadas e asinadas polo beneficiario da axuda, nas que figure o importe total que se vai pagar, e xustificantes de pagamento que aseguren a efectividade do pagamento da totalidade do equipamento polo solicitante.
- Relación clasificada e asinada polo beneficiario da axuda, dos pedidos e/ou contratos relativos ás actuacións realizadas, no caso de que existan, e copia destes.
- Relación certificada e copia dos contratos para a realización das actuacións obxecto de axuda.
- Documentación xustificativa do procedemento de contratación: dirección web do perfil do contratante, pregos, anuncios de licitación e formalización de contratos, acordos do órgano de contratación.
No caso de existir contratación pública.
- Informe xustificativo da adecuada realización das actuacións suscrito, datado e emitido polo técnico titulado competente autor do proxecto definitivo, ou director de obra ou empresa instaladora. Deberá incluír descrición o sistema de monitoraxe de acordo ó anexo A1.A1.C do RD 477/2021.
- Certificado final de obra, suscrito polo director da obra e director de execución da obra, no caso de que sexa preceptivo.
- Autorización de explotación ou acta de posta en servizo, cando sexa preceptiva.
- Certificado da instalación eléctrica (CIE) de acordo con Regulamento electrónico de baixa tensión, emitido pola empresa instaladora e dilixenciado polo órgano competente da comunidade autónoma. No programa 3 o CIE será o da instalación final, unha vez unha vez incorporado o almacenamento da instalación existente.
- Copia do proxecto ou memoria técnica do deseño (segundo proceda para a tipoloxía da actuación) que se achegara ao órgano competente da comunidade autónoma para a obtención da autorización de explotación ou acta de posta en servizo e/ou certificado de instalación eléctrica (CIE)
- Para os programas de incentivos 1 e 2 cando o solicitante inclúa a petición de axuda adicional para o desmantelamento de amianto deberá presentar documentación xustificativa do cumprimento de todas as obrigas establecidas na normativa de aplicación.
- Acordo asinado por todos os participantes, que recolla os criterios de repartición, ben o acordo da comunidade de propietarios, ben a xustificación da súa inclusión no rexistro administrativo de autoconsumo que indique este tipo de autoconsumo, no caso de proxectos de autoconsumo colectivo ou feitos en edificios plurifamiliares.
- Reportaxe fotográfica das actuacións realizadas, que inclúa fotografías da situación do edificio despois das actuacións e, se é o caso, dos equipamentos e instalacións principais finais obxecto da axuda, e onde se amose o cartel publicitario ou sinalización da actuación e o sistema de visualización de enerxía.
- Información e enlace ao sitio da internet do beneficiario das axudas, no caso de que dispoña de un, onde informará o público do posible apoio obtido dos fondos NextGeneration ou Plan de recuperación, transformación e resiliencia e/ou, se é o caso, do instrumento da Unión Europea que corresponda, facendo unha breve descrición da operación cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro da Unión Europea.
- Documentación xustificativa da existencia dunha contabilidade separada ou diferenciada para todas as transaccións relacionadas (ingresos e pagamentos, incluído, se é o caso, o ingreso de axudas, pagamentos a provedores e outros). Esta obriga non se aplica para solicitantes persoas físicas.
- Conta xustificativa con achega do informe de auditor, segundo o previsto no artigo 74 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, para os proxectos cun custo elixible superior a 1.000.000 € e opcionalmente para o resto de proxectos.
- Declaración que confirme que non houbo modificación con respecto ao declarado na fase de solicitude sobre o principio de non causar dano significativo e, se é o caso, sobre a valorización de residuos.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

	de		de	
--	----	--	----	--


 Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU

 Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia


Instituto Enerxético de Galicia (Inega)


**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>
